



# Zonificación



# Soto



## Centro do Investigador

- Espazo versátil de investigación para grupos escolares e para investigadores.
- Ampla gama de recursos educativos e de servizos: aprender sobre o mundo natural e como se realiza o traballo científico, incluíndo o acceso a certos exemplares cos que desenvolverán as súas propias investigacións.

## Almacén visitable/Tipoteca

- Un lugar específico para a Tipoteca, diferenciado do resto das coleccións conservadas.
- Abondosos exemplares tipo que son os patróns de referencia de novas especies.

# Baixo



## PAREDE DA BIODIVERSIDADE

- A través dunha instalación con organismos diferentes explícase a primeira fase de investigación: porqué os científicos necesitamos comprender a gran variedade de seres vivos e cómo observamos a natureza en toda a súa diversidade.

## EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

- Temas atractivos e de actualidade onde a visión sobre os avances no campo da investigación aportarán a mirada anovadora ao tema tratado e abrirán relacións entre as distintas disciplinas.



# Baixo

## **SALA BIODIVERSIDADE: TERRA**

- Explorar o contraste e a increíble variedade de especies e hábitats da Terra para aprender como se relacionan entre si os seus compoñentes.
- Reprodución de ecosistemas, unha densa selva tropical onde observar a través das lianas, das pólas e troncos de árbores, numerosas aves e mamíferos.



## **SALA BIODIVERSIDADE: GALICIA**

- Cita coa diversidade de especies animais e vexetais que habitan o medio terrestre de Galicia, a evolución dos ecosistemas a través do tempo e o impacto de diferentes factores.
- Un paseo a través dunha enorme fiestra á natureza galega, con vistas e sons dos distintos hábitats.





# Primeiro



## SALA BIODIVERSIDADE: MAR


- Descubrir a diversidade de especies do medio mariño, con sección dedicada a Galicia e explicación dos hábitats claves.
- A Terra é un planeta oceánico e a través dos acuarios e das diversas coleccións (invertebrados mariños, peixes, aves, algas, etc.) coñecerán a enorme variedade de organismos dos nosos mares e costas.




# Primeiro

## SALA XEODIVERSIDADE

- Descubrir a variedade de ambientes, fenómenos e procesos xeolóxicos que fan que paisaxes, rochas, minerais, fósiles e solos proporcionen a base para a vida na Terra.
- Contemplan as marabillas do reino mineral, unha impactante diversidade de especies, propiedades interesantes como fluorescencia, magnetismo,... e a súa utilidade industrial.
- Dous científicos galegos descubridores de novas especies: Antonio Casares e Isidro Parga.
- Meteoritos.



# Segundo



- **BIBLIOTECA-SALÓN DE ACTOS**
- Este espazo albergará unha sala de lectura deseñada tamén como platea para actividades formativas, científicas e divulgativas, como ciclos de conferencias, debates, cursos de formación relacionados coas ciencias e os museos, producidas polo propio Museo en colaboración cos departamentos e institutos de investigación.
- Será o lugar axeitado para que distintos axentes sociais interactúen cos investigadores a través de actividades e eventos destinados a xerar opinión sobre temas científicos.